

ACTA

Nº 70 Ano 2022.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,10 horas do día 23 de marzo de 2022, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ascensión Labella Lozano	S.X. Presidencia	4.42.85
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71
Laura Suarez Fernández	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Angeles Vidal Ruiz	D.X. Función Pública	4.52.37

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Aser Lidia Tobio Martinez	CIG	620-412-818
Pablo Rama Remuiñan	CSIF	881-542-850
Florinda de la Fuente Moure	UGT	607-629-732

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, Jose Acuña Vilas, por Cualtis e Cristobal Piñón, por Ibermútua.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Se aproba a proposta de acta presentada.

2º Presentación e debate da memoria das actividades preventivas de riscos laborais realizadas no 2021 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, farase por apartados:

- | | |
|------------------------------|-------------------|
| a) Xestión | b) Avaliacións |
| a) Vixilancia da saúde | d) Formación |
| e) Participación sindical | f) Sinistralidade |
| g) Criterios epidemiolóxicos | |

No apartado da xestión salientase o importante aumento de correos electrónicos recibidos.

No relativo as avaliacións de riscos laborais houbo tamen un aumento das mesmas no 2021, inda que os números do período do 2020, que sirven de comparación, por motivo do covid non foron os dun ano normal. CCOO pregunta polas poucas avaliacións realizadas no ámbito do comité de seguridade dos servizos centrais. A Administración manifesta que hai varios motivos, un deles que non pasaron 10 anos desde a avaliación anterior, ou que hai un traslado próximo a novas instalacións, ou que dado que o tratarse de actividade administrativa os cambios habidos non se consideran que xustifican unha avaliación, e por último informan de que si se realizará a avaliación no edificio dos espellos, no que están ubicadas as dependencias das Consellerías de Infraestruturas e da do Mar, cando rematen as obras actualmente en marcha no mesmo.

No apartado da vixilancia da saúde, CIG comenta que houbo un incremento notable na aplicación do protocolo de traballo a quendas, para a persoal que traballa nos centros da Consellería de Política Social. A Administración manifesta que este protocolo non estaba sendo aplicado a meirande parte do persoal a quendas, que viña o recoñecemento. CCOO manifesta que siguen sen realizarse nos recoñecementos feitos este ano as probas que se paralizaron pola pandemia, coma espirometrías, audiometrías... O representante de Cualtis informa de que mentres non desaparezan todas as restriccións existentes pola covid, estas probas realizaranse con carácter selectivo, as persoas que xa contan con historial médico con problemas respiratorios, auditivos...

No referente a formación, UGT solicita que se incremente o número de alumnos e alumnas no curso básico de prevención de riscos laborais, impartido pola Egap. A Administración manifesta que non é posible pola propia configuración do curso, e da formación impartida por este organismo

Respecto o apartado da participación, a parte sindical require da Administración que xestione ante as Consellerías de Sanidade e de Cultura que poñan de novo en funcionamento os seus respectivos comités de seguridade, que non reuníronse en todo o ano 2021. A Administración manifesta que fará dita xestión.

No apartado da sinistralidade, que foi presentado polo representante de Ibermútua, concluíuse que seguimos reducindo o número de accidentes de traballo, excepto os in itinere. Fíxose constar ademais que nos comités das diferentes consellerías haberá un anexo relativo aos sinistros ocorridos en cada unha delas, co resumo de datos, para que fagan a correspondente análise.

No novo apartado de criterios epidemiolóxicos, entrevistou o representante de Cualtis, quen fixo un repaso sobre os resultados extraídos dos cerca de 9.000 recoñecementos médicos realizados, sobre un total de 25.000 empregados e empregadas públicos. Como conclusión a idade media do colectivo está en torno aos 51 anos, teñen boa saúde e precisa para mantela, facer actividade deportiva, e ter uns hábitos e unha alimentación saudable.

3.- Rogos e preguntas.

CIG pregunta a Cualtis se fixo algunha xestión para mellorar a atención na Clínica Gaia de Vigo. O representante de Cualtis informa de que si a fixo e que en dita clínica faranse as exploracións mamarias a todas as traballadoras, e que se remitirán os resultados analíticos, sexa cal sexa o resultado.

Levántase a sesión, sendo as 11,35, h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA